

Seguridade en IoT

Descrición

O rápido aumento do número de dispositivos IoT conectados permite a dixitalización de todo o mundo pero, ao mesmo tempo, intensifica a exposición ás ameazas de seguridade.

Con este curso dotarase ao alumnado de recursos para empregar as tecnoloxías máis avanzadas para realizar avaliacións de riscos e vulnerabilidades e, a continuación, investigará e recomendará aplicar estratexias de mitigación de riscos contra ameazas de seguridade comúns nos sistemas IoT.

Obxectivos

O curso IoT Fundamentals: IoT Security ensínalles ás/aos estudantes as habilidades de White Hat Hacker orientadas a realizar avaliacións de vulnerabilidade e risco. Tamén investiga e recomenda estratexias de mitigación para as ameazas comúns de seguridade nos sistemas IoT.

Partindo duns coñecementos básicos, ao longo dos 6 temas do curso o alumnado será quen de acadar os obxectivos de coñecemento que o capaciten para detectar e mitigar as ameazas de seguridade nos sistemas IoT.

Dirixido a

Está especialmente recomendado para o alumnado de grao medio e superior de FP do ámbito das telecomunicacións e de informática; para o alumnado ou as persoas graduadas en titulacións universitarias técnicas e tamén está altamente recomendado para traballadoras/es en activo que busquen obter as habilidades de White Hat Hacker.

BENEFICIOS

Diploma de asistencia

Perfil do docente

Son instrutoras/es acreditadas/os polo programa Cisco Netacad e certificados nas especialidades que imparten.

PROGRAMA	Programación 2025/26
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	27/04/2026 - 13/05/2026
PROBA DE SELECCIÓN	20/05/2026 (19:30)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	40 horas
DATA INICIO	22/06/2026
DATA FIN	02/07/2026
HORARIO	De luns a vernes de 16:00 a 21:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Non
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas

TECNOLOXÍA	Cisco
	Ciberseguridade/Ciberseguridad
PERIODO DOCENCIA	22/06/2026 - 02/07/2026

Temario

Seguridade en IoT

1. IoT baixo ameaza

1.1 Desafíos

1.2 Casos de uso

2. Sistemas e arquitecturas IoT

2.1. Modelos de sistemas IoT

2.2 Modelos de seguridade IoT

2.3 Modelado de ameazas

3. Superficie de ataque nos dispositivos IoT

3.1 Introducción a dispositivos IoT

3.2 Vulnerabilidades e ataques ao hardware

3.3 Mitigación de ameazas na capa física

4. Superficie de ataque nas comunicacións IoT

4.1 A capa de comunicacións en IoT

4.2 Vulnerabilidades TCP/IP en IoT

4.3 Mitigación de ameazas IoT